
Edificio Xerencia
Campus de Vigo
36310 Vigo
España

Tel: 986 812 000
Fax: 986 812 060

xerencia.uvigo.es
xerencia@uvigo.es

NOTA INFORMATIVA IRPF 2012

O Real Decreto-Lei 20/2011, de 30 de decembro, de medidas urxentes en materia presupostaria, tributaria e financeira para a corrección do déficit público (BOE 31 de Decembro) establece un gravame complementario á cota íntegra estatal, que resultará de aplicación nos periodos impositivos 2012 e 2013.

As retencións e ingresos a conta practicados sobre os rendementos de traballo que se aboaron durante o mes de xaneiro de 2012 realizáronse sen tomar en consideración o incremento na cota de retención que se estableceu polo Real Decreto Lei 20/2011.

A partir da nómina de febreiro de 2012 procederase a aplicar sobre os rendementos de traballo o novo incremento na cota de retención establecido no citado Real Decreto, o que supoñerá, na maioría dos casos, un incremento na porcentaxe de retención que se debe practicar, que oscilará entre o 1,06% e o 2,16% en comparación co tipo de retención aplicado no mes de xaneiro 2012, co conseguinte aumento da cantidade a pagar por I.R.P.F. e, en consecuencia, unha rebaixa no líquido a percibir.

Pode obterse a través de internet mais información sobre o I.R.P.F. na dirección da Axencia Estatal de Administración Tributaria, <http://www.agenciatributaria.es>